



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN DE PAIS, PROFESIONAIS E AMIGOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (SPECIAL OLYMPICS GALICIA), PARA O MANTEMENTO E A PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN SOCIAL DIRIXIDA ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA E ÁS SÚAS FAMILIAS MEIDANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS ADAPTADAS, OCIO, FORMATIVAS E DE PROMOCIÓN DO VOLUNTARIADO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Asociación de pais, profesionais e amigos das persoas con discapacidade intelectual (SPECIAL OLYMPICS GALICIA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2016. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase SPECIAL OLYMPICS GALICIA dende o 1 de xaneiro de 2016 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto colaborar no financiamento, por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, do mantemento da entidade e da promoción da integración social e mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e as súas familias a través da realización das actividades deportivas, voluntariado, familias, formación e ocio que ten previsto desenvolver SPECIAL OLYMPICS GALICIA no ano 2016.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.





Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración con SPECIAL OLYMPICS GALICIA para contribuír ao financiamento das actuacións relacionadas coa atención a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2 apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, SPECIAL OLIMPYCS GALICIA debe ser considerada unha entidade singular en canto a promover a integración social e mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e as súas familias a través da realización de actividades de ocio, deportivas adaptadas, voluntariado, familias e formación.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 20 de abril de 2016.

